


LECTURA

Súper PEPO e Clementina



Son as oito da mañá e a mamá de Pepo entra no seu cuarto:


- ¡Bos días meu pequeno, é hora de levantarse!

Pero Pepo non pode abrir os ollos. Todas as mañás lle pasa igual, cústalle tanto saír da cama... sempre pensa nos días que faltan para que cheguen as vacacións e deixar de madrugar.

Pero enseguida se acorda das súas amigas e dos seus amigos e do ben que o pasan xogando nos recreos. ¡Entón, dá un salto e levántase da cama como un foguete!

Pepo está moi contento porque este ano a profe, Carmela, lles está ensinando a ler, ademais, está descubriendo cousas moi interesantes sobre a natureza e os animais.

Cada día, á saída do cole as mamás e os papás van buscar os seus fillos, lévanlles a merenda e cómeno todo, como premio, cómpranlles algo na tenda de Julián.





Un día Súper Pepo ao pasar pola tenda escoitou chorar a Clementina, unha preciosa e doce mandarina:

- ¿Por que choras? Preguntoulle Pepo.

- Porque nunca me elixe ningún neno como lambetada despois de merendar. Sempre elixen á palmeira de chocolate, á bolsa de patacas fritas, á goma de mascar... Eu póño-me moi triste porque nós temos moitas cousas boas que lles ofrecer aos nenos e ás nenas.

Temos moitas vitaminas, protexémosvos no inverno contra os arrefriados e os mocos, dámosvos enerxía para que poidades xogar, sumar e restar no cole... Ademais somos moi refrescantes e temos un sabor riquísimo.

Pepo quedou pensativo, a verdade é que el tampouco a elixira nunca, ¡que parvo fora!, ¡co importante que é comer froita cada día!

Pero, polo menos, el escoitara a Clementina e estaba disposto a axudala. Esa é a misión principal dun auténtico superheroe como el: escoitar e axudar os demais.

¡Entón ocorrélle unha idea fantástica!

Ao día seguinte Pepo levantouse da cama dun brinco, non fixo falta que a súa mamá o espertase, estaba impaciente por chegar ao cole e poñer en marcha o seu plan. Cando chegou a hora do recreo e todos os nenos xogaban no patio, Súper Pepo subiu no tobogán, que era o bambán máis alto, e dende alí chamou a atención de todos os seus compañeiros.

Unha das cousas que aprendera na Escola de Superheroes era a facer malabares con tres pelotas como os pallasos do circo. Aos nenos encántalles, e pásano xenial con esas cousas. Facer felices os demais é unha das materias máis importantes e difíciles para un superheroe.


Non obstante, Súper Pepo non utilizou pelotas como era habitual, senón a Clementina e dúas amigas súas. Os nenos miraban asombrados como voaban polos aires, divertíronse e aplaudiron moito.

Entón el contoulles todas as cousas boas que tiñan as mandarinas e o resto das froitas, todo o que Clementina lle contara sobre elas, e tamén o importante que é alimentarse ben:

- Para facer todas esas cousas que nos gustan necesitamos comer todo o que mamá e papá nos poñen no prato e, sobre todo, moita, moita froita.

Pero o recreo estaba a punto de rematar, había que volver á clase. Entón Pepo colleu as tres mandarinas, meteunas nunha bolsa de plástico e tirounas á papeleira do patio.

Todos os nenos quedaron paralizados, coa boca aberta e con cara de sorpresa. Non entendían como puidera facer algo así e por que as froitas remataran no lixo.





Pepo decatouse de que entenderan a mensaxe, e cun sorriso sacou as mandarinas da papeleira e díxolles:

- Chamouvos a atención o que fixen ¿eh? Non obstante ¿nunca vos fixastes na cantidade de comida que se tira no comedor ou porque “non nos gusta” ou porque nos servimos moito máis do que realmente podemos comer...?

¿Pensastes algunha vez en que hai moitos nenos que non teñen nada con que se alimentar cada día?

- E de qué serviría, -dixo Fran- total a comida que nos sobra ou que non queremos non llela podemos dar a eses nenos, están moi lonxe.

- Pode que non poidamos enviárllela, pero non malgastar o que temos é tamén un xeito de axudalos, dixo Pepo.

Dende entón, todos os nenos e nenas do cole se habituaron a comer de mellor xeito e ao saír de clase, pedíronlles ás súas mamás e papás unha peza de froita.

Clementina sentíase feliz e orgullosa do que conseguira. E todo grazas a Súper Pepo que a soubera escoitar.

A noticia de que os nenos do cole se sabían alimentar de marabilla chegou a oídos da profesora de Pepo na Escola de Superheroes.

Ao día seguinte, Pepo foi a clase... onde lle esperaba unha gran sorpresa.

Entrou correndo, ríndose e xogando co seu amigo Felipe e, de súpeto, ¡aí estaba! ¡non o podía crer! ¡Conseguira a súa capa vermella de superheroe! ¡Era preciosa

- Pepo ¡consegúchelo! -dixo a profesora- Síntome moi orgullosa de ti.

Agora non te podes despistar, tes que estar máis atento que nunca, ás veces, manter o que temos é máis difícil que conseguilo.

Súper Pepo puxo o seu reluciente traxe azul, as súas botas, a súa capa vermella e máis contento que nunca saíu á rúa disposto a axudar os demais.

¡Nunca esquecería ese gran día!

E vós amiguiños, non esquezades que os verdadeiros superheroes son os que pensan nos demais e lles axudan cando o necesitan.

